

TODO PÚBLICO PROGRAMACIÓN DE TEATRO CURSO 21-22 - PRIMAVERA

BACHARELATO - FP

04 de febrero de 2022 ás 11.30 h

Teatro Guirigay (C. de Extremadura)
EL LIBRO DEL BUEN AMOR
Teatro clásico

Formular a “Comparsa do arcipreste” como protagonista e motor do espectáculo foi fundamental para atopar as claves escénicas e interpretativas. Teatro Guirigay crea un espectáculo divertido, de intensa comicidade erótica, onde as personaxes femininas son contudentes nos seus desexos, reivindicando a súa liberdade de acción, sexual e intelectual.

Os seus protagonistas: Juliana, Aziza, Dalia e Fernando, encabezados polo arcipreste, son amantes da boa vida, a boa mesa, o bo amor. Percorren os camiños da península, buscando as súas festas e romarías, despregando o seu oficio de xogares, para integrarse nelas. Interpretan as andanzas xuvenís do arcipreste; as fantasías vitais de don Carnal e dona Coresma ou os amoríos secretos do convento. Ten repertorio e oficio, moito oficio. Son vividores e libres. Cinco personaxes unidos pola necesidade e o desexo de compartir arte e sabedoría.

Duración: **60 minutos**
Idioma: **Castelán**

Intérpretes: Raúl Rodríguez, Magda García-arenal, Jesús peñas, Nuria Ayuso e Asunción Sanz
Dirección e adaptación: Agustín Iglesias.
Música orixinal: Fernando Ortiz
Escenografía: Marcelino de Santiago (Kukas)
Vestuario: Luisa Santos e Isabel Trinidad Galán
Coreografía: Fernando Sanz Romualdo



2º CICLO DA ESO E BTO - FP

11 de marzo de 2022 ás 11.30 h

Chévere (Galicia)
**AS FILLA BRAVAS
E O MITO DE CASANDRA**
Comedia



As Fillas Bravas e o mito de Casandra (o cambio climático visto por tres mulleres de aldea)

As Fillas Bravas son tres pandeireteiras do lugar de Momán, parroquia de Padrenda, concello de Trabancas, que cantan coplas e contan historias escoitadas ou inventadas, con moita retranca e non menos sabedoría.

Nesta nova obra, As Fillas Bravas usan as fontes do teatro clásico grego e da música tradicional galega como ferramentas para sensibilizar sobre o impacto do cambio climático na nosa forma de vida. As Fillas Bravas e o mito de Casandra é, por un lado, unha obra na que tres mulleres maiores de aldea tratan de entender o cambio climático e facerlle fronte aplicando a sabedoría popular e a súa propia experiencia vital; e por outro, é un espectáculo con perspectiva de xénero á procura de modelos de empoderamento feminino.


Queremos achegar ao público referentes positivos e próximos de personaxes de mulleres. Colocar o foco nunha muller afirmativa, autónoma, creativa, implicada na colectividade. E ao mesmo tempo, ofrecer unha visión divertida, pero igualmente directa e sen prexuízos, do impacto que o cambio climático ten e terá na nosa sociedade e nas nosas vidas.

Duración: **75 minutos**
Idioma: **Galego**

Intérpretes: Patricia de Lorenzo, Mónica García e Arantza Villar
Autoría: Chévere
Dirección e adaptación: Xron

22 de abril de 2022 ás 11.30 h

Culturactiva (Galicia)
AS ALUMNAS
Teatro de actrices sobre de memoria histórica local.



Elvira Fontao e Rosa Lires, antigas alumnas de María Barbeito, volven atoparse na data da morte da mestra, no ano 1970. Xa son mulleres. Atrás queda a infancia, o mundo que lles abriu a mestra antes de que o Comité de Depuración as afastase do seu traballo na escola. Porén, son as dúas únicas alumnas que lle escribiron cartas contándolle o que foi das súas vidas. A través desas cartas, e da reconstrución daqueles tempos nos que eran as mellores amigas, iremos descubrindo como as decisións marcan o destino de cadaquén, e o medo, e a rebeldía.

As alumnas non será o primeiro espectáculo que afronte temas relacionados coa memoria histórica, mais si achegará un enfoque ben singular, poñendo o foco nunha figura imprescindible da nosa historia, María Barbeito, e na súa obra e legado. De igual xeito, confrontaremos dous modelos educativos e de sociedade, a segunda república e o franquismo, abordando teatralmente o enorme retroceso que supuxo, especialmente para as mulleres, o golpe militar de 1936.

Pretendemos construír un relato de vidas cruzadas, dúas nenas que agora de adultas retoman o contacto nun encontro que lles axuda a recolocar o seu pasado, que resulta revelador para ambas e que rescata da súas memorias individuais un pasado que é tamén colectivo.

Duración: **70 minutos**
Idioma: **Galego**

Intérprete: Mónica Caamaño e Anabell Gago
Autoría: Paula Carballeira
Dirección: Fina Calleja
Escenografía: Carlos Domínguez del Río
Deseño de son e Deseño iluminación: Javier Ayude "Beca"
Vestuario: La Canalla

4º CURSO DA ESO E BTO - FP

08 de abril de 2022 ás 11.30 h

Leamok (C.Valenciana)

LÁZARO

Teatro contemporáneo, adaptación de un clásico con hip hop.

Lázaro é a mesma historia universal que todas e todos coñecemos. Case. Lázaro vai cambiando de amo, pero os amos do século XXI non son os mesmos que os do XVI. Un vello bébedo coñecido como «o cego», o mouro, o secreta, a violencia e a droga nas rúas son os amos de Lázaro. A música e as amizades, condensadas no personaxe de Marco, o músico en escena, permítenlle finalmente a Lázaro converterse no seu propio amo.

Lázaro está contada cunha estética hip hop, chegando a ser en ocasións o motor do xogo escénico, usando elementos de break dance como o footwork, os freezes e o popping, entre outros. Utilízase o rap para narrar con dinamismo e estilo a primeira parte da vida do personaxe.

"A honesta sinceridade nesta fusión de teatro e música urbana rebosante de enxeño."

"Roberto Hoyo e Marco Ferreira dannos desde a honestidade, a dor, a convención e a música unha lección maxistral desta nobre arte."

PREMIO SGAE NA IX EDICIÓN DO FESTIVAL RUSSAFA ESCÉNICA
MENCION MELLOR DIRECTOR EN ACT FESTIVAL 2020

Duración: **60 minutos**

Idioma: **Castelán**

Dirección, dramaturxia e interpretación: Roberto Hoyo
Produtor musical e músico en escena: Marco Ferreira



2º CICLO DA ESO- FP

28 de abril de 2022 ás 11.30 h

Quico Cadaval (Galicia)

FANTASMAS FAMILIARES

Monólogo, contos de tradición oral

Con "Fantasmas familiares", Quico Cadaval consegue manter intacto o aroma popular dos contos de persoas mortas, aparecidas, tangaraños, compañías e estadeas.

As camadas máis novas do público senten de novo o arrepío gozoso de sentir falar da sombra do medo ao pé do lume, como mozas e mozos do seu tempo, tamén detectan a ironía, as influencias e a aventura ficcional que hai detrás de cada conto deste repertorio.

O medo, o amor, o misterio e a aventura son temas que se tecen nas historias para adolescentes que semellan que pasaron onte e, ao mesmo tempo, que proceden da noite dos tempos. Hai quen confía en que coa luz, coa luz eléctrica, desaparecen os fantasmas, mais non é así, simplemente mudan de aspecto e adquiren outro máis brillante.

Duración: **60 minutos**

Idioma: **Galego**

Intérprete: Quico Cadaval



ESO

04 de marzo de 2022 ás 12.00 h

Teatro do Noroeste (Galicia)

FEIRANTES

Monólogo teatralizado

Feirantes é un espectáculo teatral baseado nas narracións de Álvaro Cunqueiro recollidas no seu libro "Os outros feirantes". Como se sabe, nestas narracións aparecen reflectidas as andainas de diversos e curiosos personaxes: aquel que falaba co seu cabalo; o outro ao que lle falaban as cousas: as cadeiras, as zocas, a culler, o seu propio estómago; aquela voadora de Serantes que voaba sentada nunha banquetta; aquel Tristán García que morreu de tristura porque non atopou a súa Isolda; aquel Novagildo Andión que percorría as feiras co seu autobús, transportando persoas e animais, que nalgúns casos vén sendo o mesmo; ou aquel que tiña un ollo de cristal, que como o oculista non tiña outro deulle un de segunda man cor violeta, que fora un encargo dunha viúva que morreu antes de desfrutalo, e todas as mozas querían ter fillos con el para ver se herdaban esa fermosa cor de ollos; ou aquela Anxeliña de Prado que naceu anana, pero cunha habilidade, bordar panos con lendas para os velorios: "Adeus, padriños queridos!", "Agárdovos a todos no ceo!", "Deica a volta, compañeiros!", e cousas así.

Un espectáculo sinxelo, feito desde o sorriso, desde a delicadeza, desde o amor, que procura buscar a relación directa, limpa, sen trampas, coas persoas espectadoras de hoxe e con todos os públicos, e que inicia unha nova liña de traballo para Teatro do Noroeste, na adaptación de textos narrativos ao teatro, eses textos que expresan a esencia da nosa cultura. Un espectáculo homenaxe á vaca e ás estrañas e curiosas personaxes que aínda habitan moitos pobos de Galicia e tamén, por que non dicilo, un espectáculo homenaxe a Álvaro Cunqueiro.

Duración: **50 minutos**

Idioma: **Galego**

Intérprete: Imma Antón

Dirección e adaptación: Eduardo Alonso

1º CICLO DA ESO - FP

29 de abril de 2022 ás 11:30 h

Paula Carballeira (Galicia) HISTORIAS DE ARREPÍOS

Monólogo, contos de tradición oral



O medo é unha das poucas cousas que non buscas. O medo atópalo. Os chamados “contos de medo” só perseguen o arrepío do momento, unha lixeira inquedanza, unha sensación de vento frío que che aloumiña o pescozo. Candeas, persoas aparecidas, ánimas en pena, agoiros, avisos...

Ben se pode dicir que o arrepío forma parte do outono e do inverno, e de alí proceden a maioría destas historias, das longas e escuras noites coa néboa ás portas. Contos que foron tecendo narradoras e narradores anónimos, ás veces recollidos por escrito, a maioría transmitidos oralmente para lembrarnos que a morte está á espreita, e que por iso hai que sentir con intensidade, tremer e rir cando o medo nolo permita, para esquecer por un momento o que agochan as tebras.

Duración: **50 minutos**

Idioma: **Galego**

Intérprete: Paula Carballeira

INFORMACIÓN XERAL

- Todas as funcións terán lugar no **Forum Metropolitano**.
- Cada grupo só se poderá inscribir nunha única obra de teatro durante o curso 2021/2022. **Os grupos que xa asistiron no outono non se poderán inscribir nesta nova convocatoria.**
- Cada grupo escolar deberá estar acompañado por unha persoa responsable do seu centro.
- En cada sesión só asistirán grupos dun mesmo centro escolar, de grupos ou ciclos “burbulla”; polo que, **é aconsellable inscribir o maior número de grupos posibles nunha mesma función.**
- A capacidade máxima será a que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento.
- A hora apuntada na entrada é a de inicio da función.
Pídese puntualidade. Unha vez comezado o espectáculo, non se permitirá acceder á sala.

O PREZO DO BILLETE DE ENTRADA por alumna/o é de 3,00 € e gratuita para o profesorado acompañante

VENDA DE ENTRADAS

En liña a través da páxina web educativa: www.edu.coruna.es, a partir do **luns 17 de xaneiro** para os centros do municipio e para os centros de outros municipios a partir do **xoves 20 de xaneiro**. (Para resolver dúbidas coa ficha de inscrición da web no teléfono 981 902 327 ou educoruna@balidea.com).

RETIRADA E ABONO DE ENTRADAS

- As entradas deben ser retiradas e aboadas no prazo dende a data da comunicación da adxudicación e os 3 días hábiles antes do espectáculo.
2. No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudicaranse as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.
 3. As entradas recolleranse na billeteira do Forum Metropolitano, con cita previa (chamando ao teléfono 981 184 297).
 4. Recoméndase o pagamento mediante tarxeta de crédito.
 5. No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas o aumentalas se quedan prazas vacantes.
 6. Permitirase un máximo dun 10% de devolucións, sempre e cando non excedan de 10 entradas por función e centro. O importe será devolto ao termo da función. E no caso de que foran aboadas con tarxeta de crédito terán que presentala.
 7. A factura será enviada ao centro posteriormente á sesión.
 8. No caso de peche de aulas polo Covid-19, o importe das entradas será devolto, sempre e cando se comunique con 48 h de antelación á función.

INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor

educativo se antes do espectáculo se fai un TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO. Este traballo debe de orientarse, polo menos, nunha dirección: reflexionar sobre o que significa asistir a un espectáculo teatral.

NORMAS DE PREVENCIÓN DO CORONAVIRUS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO POLOS CENTROS E GRUPOS DE ESCOLARES

Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade e se absteñan de enviar aos espectáculos aos grupos no caso de calquera mínima sospeita de enfermidade e que o profesorado comunique previamente ao alumnado as normas a seguir e actúe con responsabilidade.

- Non asistir a esta actividade con febre (> 37º) ou con síntomas propios do coronavirus.
- Manter 1,5 metros de distancia de seguridade con outras persoas tanto nos accesos como no interior do edificio.
- É obrigatorio utilizar a máscara (excepto no supostos contemplados na normativa vixente) para acceder e desprazarse polo edificio e durante o espectáculo.
- Lavar as mans con xel hidroalcohólico antes de entrar no auditorio e limpar os pes na alfombra desinfectante.
- Usar os aseos só en caso de extrema necesidade.
- Seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.

Estas normas poderán variar en función das medidas que podan ditar as autoridades sanitarias en función do desenvolvemento da pandemia do Covid-19 na nosa cidade ou na Comunidade Autónoma.

DÁMOSLLES UNHAS SINXELAS PAUTAŞ QUE CÓMPRE SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO:

1. A hora salientada no billete de entrada é a hora de inicio da función.
2. Agrádecese puntualidade. Para iso, é aconsellable chegar ao Fórum con 10 ou 15 minutos de antelación.
3. Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán á sala portando cada unha a súa entrada.
4. Unha vez comezado o espectáculo, non se permitirá acceder á sala.
5. Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
6. Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función. Se queren unha foto de grupo, poderán sacala ao remate da función, logo do previo aviso á xefa de sala.
7. Tampouco está permitido comer nin beber no auditorio.
8. Vimos todos/as divertírnos e desfrutar do teatro, sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala. Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.